

OURENSE

A Asociación de Escritores recupera a Blanco Amor

O colectivo galego promoveu un documental con imaxes do escritor, discursos e reflexións dos que o coñeceron

xosé manóel rodríguez | Ourense / Agencia | 15/6/2011

A Cidade da Cultura acollía o sábado unha nova cita do programa *Galicia, ceo das letras*, que en cada entrega repasa a obra e a figura de escritores sobranceiros de Galicia e de outras culturas -o próximo encontro será sobre Borges, o día 25, e xa se celebraron sobre Torrente, Cela, Manuel



Antonio ou Valle Inclán, entre outros-. Nesta ocasión a figura que centrou o debate foi a de Eduardo Blanco Amor e a coordinación do encontro estivo a cargo da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), colectivo que aproveitou a cita do Gaiás para estrear un traballo audiovisual sobre a figura e a obra de Eduardo Blanco Amor. Na sesión do día 11 o escritor ourensán Bieito Iglesias foi o encargado de presentar unha ponencia sobre Eduardo Blanco Amor e o debate estivo coordinado por Cesáreo Sánchez Iglesias, escritor e presidente da AELG, e da profesora e crítica literaria Mercedes Queixas.

Na cita do pasado sábado no Gaiás a AELG presentou o seu documental *Blanco Amor, a paixón das marxes*, un traballo desenvolvido pola productora Tingalaranga no que se inclúen imaxes do xornalista e escritor ourensán en Arxentina e Galicia participando en diferentes actividades, en conferencias e discursos, imaxes dos escenarios de Ourense vencellados á súa figura e á súa obra e entrevistas con persoas que o coñeceron e foron amigos del na etapa final da súa vida, como o avogado

Nemesio Barxa, ou que se achegaron á súa obra, como é o caso de Ánxeles Cuñas e as versións que se fixeron de *A Esmorga* dende a compañía Sarabela Teatro.